

CÍRCULO PERSOAS DESPAZADAS - 4 DIC 2025

A realidade da mobilidade humana forzosa segue crescendo e o número de persoas desprazadas pola guerra, a violencia e a persecución en todo o mundo alcanza xa niveis alarmantes, os máis altos nos últimos dez anos. E xusto agora, cando o financiamento humanitario está a esgotarse. Así o di o último informe presentado por ACNUR, a Axencia da ONU para os Refuxiados. Estímase que, a finais de 2024, no mundo había **123,2 millóns de persoas desprazadas pola forza** por mor de persecucións, conflitos, violacións aos dereitos humanos, crise climática.

Este novo dato supón ao redor de dez anos seguidos de aumentos anuais no número de refuxiados e outras persoas forzadas a fuxir dos seus fogares. E entre os principais factores que provocan o desprazamento destacan os grandes conflitos, como os de Venezuela, Sudán, Myanmar e Ucraína. Sudán, con 14,3 millóns de persoas refuxiadas e desprazadas internas, converteuse no país co maior número de persoas desprazadas pola forza no mundo, superando nesta triste marca a Siria (con 13,5 millóns de persoas). Pero ninguén fala deste conflito en África.

Datos que nos seguen dicindo que, ao contrario do que se pensa nas zonas máis ricas do planeta, o 67% das persoas refuxiadas queda nos países veciños, e que os países de renda baixa e media acollen ao 73% dos refuxiados do mundo. De feito, o 60% das persoas forzadas a fuxir nunca cruzan as fronteiras do seu propio país.

En resumo, 1 de cada 67 persoas no mundo é desprazada ou refuxiada e durante a última década os desprazamentos duplicáronse, pasando de 60 millóns de persoas en 2015, a 123,2 millóns en 2025.

Aínda que coste atopalos, hai algúns motivos para a esperanza neste 2025, como os case dous millóns de sirios que puideron voltar aos seus fogares despois de máis dunha década de desarraigamento.

E, que postura estamos a tomar ante esta realidade e ante a chegada ao noso país de persoas migrantes e refuxiadas?

Quizais o primeiro sexa recoñecer que moitas das persoas que chegan como "migrantes" ou "refuxiados" están a fuxir de violencias que nós, Occidente, contribuímos a crear. Guerras, cambio climático, explotación económica. Por iso temos a obrigaón, non só ética, senón tamén moral, de ser acolledores e de entender as súas circunstancias. E na súa chegada ao noso país saber que esa persoa merece os mesmos dereitos que eu, non como un favor, senón porque é de xustiza. E non é suficiente que eu, individualmente, sexa hospitalario. Necesitamos sistemas que protexan o dereito a migrar, que garantan unha documentación básica, que non criminalicen a vulnerabilidade. Porque os migrantes ricos entran e son aceptados sen ningún tipo de problemas na nosa sociedade.

No centro de toda esta reflexión está nosa defensa da dignidade humana. A persoa non é un problema para resolver, nin unha vítima pasiva, nin un invasor para temer.

É alguén con dereitos inalienables. Basta de falsas noticias que nos poñen na súa contra, de políticos que nos dividen... E apostemos por un actitude positiva e comprensiva ante as persoas migrantes e refuxiadas que suman a nosa sociedade.